



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2017/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de abril de 2017
Duración	Desde as 20:04 ata as 23:30 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretaria Accidental	MARIA RODRIGUEZ GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	NON
53171075C	EVA RODRIGUEZ CALVAR	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ



Concello de Cangas

78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Millán Blanco di que en varias follas hai un erro de transcripción no seu segundo apelido que di “González” cando ten que dicir “Blanco”

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 31 de marzo de 2017

Expediente 1049/2017. Aprobación definitiva do Orzamento Municipal para o exercicio 2017

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 10, En contra: 8,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía, do día 19.04.2017, relativa á Aprobación definitiva do Orzamento Municipal para o exercicio 2017, que é como segue:

Concello de Cangas



“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2017, así como as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 18 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto que o anuncio de aprobación inicial do Orzamento foi publicado no BOPPO núm. 55 de data 20.03.2017 e estivo exposto ao público por un período de quince días hábiles.

Visto que dentro do período de exposición pública foi presentada unha alegación e unha emenda por Pío Millán Blanco en representación do grupo municipal do Partido Popular (R.E. 2017-E-RE-25 de data 09.04.2017)

Visto o informe do Interventor municipal de alegacións ao orzamento, de data 19 de abril de 2017.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar as seguintes alegacións:

- Emenda presentada por Pío Millán Blanco, actuando en representación do grupo municipal do Partido Popular de Cangas sobre cambio de partidas, por tratarse dunha cuestión de oportunidade política que o equipo de goberno considera improcedente.*
- Reclamación presentada por Pío Millán Blanco, actuando en representación do grupo municipal do Partido Popular de Cangas presentada por establecerse unha previsión de ingresos na partida correspondente ao imposto de vehículos de tracción mecánica superior ao Padrón aprobado para o ano 2017, polos motivos expostos no informe de intervención de 19 de abril de 2017.*

Segundo.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2017, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

<i>CAPITULO</i>	<i>PREVISIONS INICIAIS 2017</i>	<i>CRÉDITOS INICIAIS 2017</i>
<i>1</i>	<i>6.175.900,00</i>	<i>7.554.245,13</i>
<i>2</i>	<i>190.000,00</i>	<i>3.980.529,87</i>
<i>3</i>	<i>1.398.442,40</i>	<i>215.186,37</i>
<i>4</i>	<i>8.308.994,49</i>	<i>1.099.705,93</i>
<i>5</i>	<i>22.500,00</i>	<i>250.000,00</i>
<i>TOTAL CORRENTE</i>	<i>16.095.836,89</i>	<i>13.099.667,30</i>
<i>6</i>	<i>0,00</i>	<i>872.862,54</i>
<i>7</i>	<i>83.000,00</i>	<i>166.250,00</i>
<i>TOTAL CAPITAL</i>	<i>83.000,00</i>	<i>1.039.112,54</i>



8	0,00	0,00
9	0,00	2.040.057,05
<i>TOTAL FINANCIEROS</i>	0,00	2.040.057,05
<i>TOTAL ORZAMENTO</i>	16.178.836,89	16.178.836,89

Terceiro.- Aprobar definitivamente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

Cuarto.- Publicar o Orzamento xeral do Concello de Cangas para o exercicio económico 2016, resumido por capítulos así como o cadro de persoal no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dando cumprimento ao disposto no Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.

Quinto.- Que o expediente estea a disposición do público a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio, de acordo co disposto no artigo 169.7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Esta aprobación poderá ser impugnada perante a xurisdición contencioso-administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas nos artigos 170 e 171 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e na forma e prazos que establece nas normas de dita xurisdición.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Abalo Costa: di que xa na comisión informativa se trataron as alegacións, que están detallados os ingresos do imposto de vehículos (ingresos recoñecidos), e que como son orzamentos pechados, se resolve a alegación e se mantén a proposta tal e como está.

Sr. Alcalde: di que está o Sr. Interventor por se necesita aclaracións ao orzamento.

Sr. Millán Blanco: di que como o Sr. Interventor non foi á comisión debido a asistencia a un curso quere facer tres preguntas:

1.- Desde que ocupa a plaza realizouse algún expediente de depuración de saldos de dubidoso cobro?

Interventor di que non.

2.- Ten coñecemento que durante esta lexislatura se realizase algún expediente de depuración de saldos de dubidoso cobro?



O Interventor responde que non

3.- En base a iso considera que as partidas de ingresos recoñecidos son todos realizables?

Sr. Interventor: os dereitos recoñecidos, pola mecánica do procedemento de recadación teñen un nivel de recadación especial probablemente ronda 93-95%.

Os ingresos realizables responden á liquidación dese ano, practicada a liquidación pasa a xestión de recadación. O interventor non entende a pregunta.

Sr. Pio Millan Blanco. Repite a pregunta, se existen moitos fallidos existen moitos impagos, e eses saldos vanse arrastrando.

Sr. Interventor- A porcentaxe de recadación ronda o 90, 91 ,92 % según o tipo de imposto

Sr. Abalo Costa: pide que esas preguntas que se formulen por escrito.

Sr. Millán Blanco: di que tivo dúbidas que non se resolveron na comisión. Que iniciou a alegación falando dos ingresos que se reflicten no presuposto nos vehículos de tracción mecánica. Por primeira vez para calcular os ingresos estimados se teñen en conta os dereitos recoñecidos e non a recadación do ano anterior e o padrón do exercizo en curso. A estimación de ingresos era unha contía inferior ao do ano anterior e ao padrón do ano en curso e sempre se explicou que era por unha partida de prudencia contable. No 2017 cambian as tornas, a recadación é a menor da partidas, o maior é o padron e os ingresos .Os ingresos que se supoñen que se ingresaran que serán maiores aos recibos de emisión ordinaria.

Segundo o informe de intervención proponse desestimar a alegación en base a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de León. (Dá lectura á sentenza)

Di que a sentenza é ambigua, e tanto sirve para estimar como para desestimar a alegación. O compara cunha multa de tráfico, exceda o límite que agora non o van a multar, xa se verá ao final do ano. A realidade é que non importa cumprir ou non, e iso é unha irresponsabilidade. A estimación de ingresos é ficticia, non existe ningún expediente de depuración de saldos para limpiar ingresos irrealizables, cousa que si se fixo en 2013,2014,2015, para limpiar ingresos irrealizables.

Di que o informe de intervención non nega que se incumpre o principio de prudencia á hora de elaborar os orzamentos.

En tanto a emenda na que se establecen partidas para engadir ao capítulo VI non é un capricho. Do 2016 a 2017 o gasto corrente se incrementa en un millón de euros, non se dá ningún servizo



a maiores. Considera asumible unha rebaixa de 385.000 da partida de gastos correntes e destinalo a partidos de inversión de compromisos do goberno, por exemplo o aparcamento do atrio do Hío que se quedou de arranxalo cando se resolverse o problema da titularidade, mantemento campo de fútbol,(a deputación contestou que estaban en mans do Concello de Cangas apoiándose no plan concellos), o barrio das Flores, é una necesidade perentoria, reflectir una partida para este barrio.

Sr. Alcalde:Contéstalle ó Sr. Millán Blanco que o de rebaixar o gasto corrente para incrementar a inversión cando o volven gobernar o volven a facer.

Interventor: Indica que como se pon en dúbida a súa solvencia técnica e non lle parece agradable vai contestar dende un punto de vista técnica. Unha depuración de ingresos é para depurar saldos que por transcurso do tempo, por fallidos, etc.. deixan de engrosar o patrimonio da entidade. Como queira que sexa xa non están no patrimonio non volven a entrar no orzamento. Soamente se liquidan ingresos novos

Unha depuración de ingresos faise para, ademáis de que para que as contas reflectan unha situación real, para que se permita que o remanente de tesourería sexa máis elevado do que en realidade é.

Por último, parece subrealista poñer en dúbida unha sentenza xudicial, que é un pronunciamento xudicial

Sr. Iglesias Santos: fai unha reflexión sobre ese punto, botando man da economía política. O presuposto chega a 16 millóns de euros, el dubida que se poida ingresar esa cifra, se se logra fantástico. Para lograr esa cifra vaia ter que apurar a quen poida pagar, quere dicir que o sistema impositivo recaerá nos bolsillos dos vecinos de Cangas, toda vez que, como todos sabemos o resto das administración teñen os seus cartos comprometido. No seu día falouse de contribución, e cando se tentou subir foi unha auténtica revolución, hoxe, no DOG publicouse a resolución pola que se actualizaron os valores catastrais en canto a sucesións, donacións, herdanzas. A Xunta o terá en conta e Cangas?. No DOG figura un coeficiente sobre o valor catastral 2,8 % de coeficiente. isto acumularase a outros impostos e non sabemos que poderá pasar.

Di que os orzamentos máis que atender a necesidades prioritarias dos veciños son para contentar aos principais grupos que forman esta comitiva municipal, a este coworking. Da vosa enteira responsabilidade, os cartos que se van a reunir e en que se van a gastar. polo tanto é a vosa responsabilidade, nestes orzamentos máis do 50 % do orzamentos vaise en soldos. Ten dúbidas de que os veciños sexan quen de medir os servizos recibidos en xeral. A ver se vamos facer que como aquel que por sair guapo deixaba de comer. Non se opoñerá á aprobación, abterase

Sr. Gestido Porto: di que dubida das directrices do orzamento e do seu cumprimento. Hoxe ben un orzamento ao pleno para a súa aprobación feito por vostedes e para vostedes, os veciños valorarán se o presuposto é acorde coas suas propostas e se as cumplen. Non os vamos apoiar,



porque se solicitou informe á intervención e secretaría sobre a viabilidade ou validez da súa aprobación por urxencia, consecuencias legais se cumpren os requisitos de validez da lei de transparencia, prazos, cumprimento xurídico e non se ven estes datos. Tampouco se aportou o informe sobre implicacións legais que se pediu o Sr. Interventor. No informe emitido advírtese de incumprimentos, polo tanto dubida da legalidade destes.

Existen máis motivos polos que non se apoiarán ditos presuposto primeiro non quixeron contar coa opinión do resto dos grupos, tildou de extemporáneo o concelleiro as alegacións presentadas, segundo deuse unha campaña publicitaria para explicar un orzamento xa aprobado, terceiro porque en dous anos fixeron o que quixeron, cuarto porque se atopan facturas de compra sen ter recibido o material, quinto porque para que serve aprobar un orzamento se se gasta nunha festas 140.000, cando están presupostados 40.000, e non se sabe onde están os 70.000 restantes ,etc.

O aumento do orzamento son 2.300.000, hai que deixar que 1.000.000 € para pagar débeda publica medio millón para o gasto da piscina municipal (320000), 800000 pista atletismo e 100000 pavillón de Coiro. A Pregunta é sinxela onde van os gastos se,se ve a redución noutras partidas como 80% vías públicas, 8% M-A, 30% en parques e xardíns, 100% en patrimonio etc? Pódese variar a porcentaxe, pero tense que contar con nós para a elaboración. Estarán en contra.

Sr. Alcalde: di que vén como mala costume porque eles tampouco nunca o chamaron para participar nos orzamentos. Pena do traballo que levou a calcular as porcentaxes que se ve non teñen unha consistencia de fondo.

Sr. Abalo Costa: sintetiza porque non se debaten os orzamentos, hai que resolver as alegación.

A prudencia económica do concello mídese por parámetros determinados, por datos como pode ser o remanente de tesourería, prazo medio de pago, nestes datos non hai desfase. Se mañán é así haberá que corrixir e recoñecer que algo se fixo mal. A día de hoxe non hai ningún dato negativos.Prefírese embarrar o campo para non aportar nada novedoso.

É mellorable artellar algunha mecánica para aprobar presuposto e colaborar con todos os grupos políticos. Non é conveniente, cando non se pode dar exemplo vir a predicar e falar de temas colaterais, como o da piscina, xa que como se eliminou a política da xeotermia agora hai despilfarro.

A política fiscal do PP e PSOE recae sobre os vecinos, beneficiouse aos empresarios. O PP pediu unha regulación de valores e o que se fixo foi unha revalorización en cuberta. que é o que hai que atacar legalmente.

Esta claro que non deben ser os veciños os que paguen os impostos.



Hai amortización de postos, pero os problemas son máis de fondo. A prioridade é que o concello funcione e por iso o documento é fundamental.

Sr. Millán Blanco: manifesta que a súa última intención é dubidar da capacidade técnica do Sr. Interventor, pero o seu informe basease nunha sentenza que se pode utilizar tanto para estimar ou desestimar a alegación.

Repíte, que non se nega, que se incumpre o principio de prudencia á hora de elaborar, que o incumprimento non sexa preceptivo a final de ano se verá.

Ao Sr. Abalo Costa dílle que non se cumpre o PP prudencia en canto IVTM. Dílle ao Sr. Abalo Costa que el se atopa mellor que outros cando se embarra o campo.

Dílle ao Sr. Alcalde que en canto ao que diminuíu o gasto corrente cando gobernen, dílle que poden opinar xa que o que gobernan son eles. Insiste en que podería ser estimada a alegación, e insíste en que existen partidas moi necesarias, e que hai compromiso cos veciños.

Sr. Alcalde: os compromisos cúmprense cando se fan e non no papel. No seu goberno, moitos dos compromisos políticos recollidos nun papel non se cumpriron

Sr. Iglesias Santos: dílle ao Sr. Abalo Costa que existe unha principio de optimización de principios humanos, materiais, que ten que ter calquera goberno, que está relacionado co principio de competencia política que ten dúas metades a vontade política de querer facer e o coñecemento de facelo adecuadamente, polo que sodes vos os que tendes que demostrar. Hai que diferenciar eficiencia (canto máis mellor da maneira máis barata posible) de eficacia.

Sr. Gestido Porto: di que non se inventan datos. Non dubida dos orzamentos, pero si das directrices. Non sabe porque non ten informe e o que lle preocupa é que el o luns (Sr. Abalo) descoñecía que existían esas peticións de informes. A dixitalización vai levar o seu tempo e que esa solicitude consta aí. Di que non diga que non coa cabeza a Sra Giráldez Santos (quen di que non teñen acceso)

Ao Sr. Alcalde dílle se dubida continuamente, se se entera ou non. É menos grave que se guíe por uns datos, e por iso mira apuntes. O que é máis grave é que el non se entere do que se paga, perdón si se entera, que se pagará á SGAE un 25%, e curioso tamén que na actividade cultural que tanto lle gusta exista 40% dedicado a teatro e soamente 40.000 euros a outras ramas culturais. Seguramente que si lee esa parte e dubida que non lera o resto.

Sr. Alcalde: dílle que non é o concelleiro de cultura, é grave, por iso lle di que non se entera

Se hai que pagar a SGAE e porque durante anos non se pagou e deixaron o pufo durante anos. Imaxínase que é como se o concelleiro de servizos non pagara a luz.



Sr. Abalo Costa: di que o que debe quedar claro é que a recadación de ingresos previsto no imposto alegado está ratificado no informe dos instrumentos e é legal igual, que, lle di ao Sr. Millán Blanco, no último parágrafo previo ás conclusións di que se pode proceder a redactar as previsións. Agradece a intervención do Sr. Iglesias Santos para mellorar os orzamentos participativos. Coordinar áreas grupos, pedimentos veciñais é difícil, pero se debe facer un esforzo nese sentido. Igual que o tema dos informes, antes mais que unha cuestión legalista era sobre foro económico social dos orzamentos.

Grazas polas aportacións

Sr. Alcalde: le o ditame.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG e 3 da ASPUN,).

Votos en contra: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE").

Abstencións: 1 do concelleiro do PsdeG-PSOE.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 772/2017. Aprobación definitiva Regulamento municipal de honores e distincións

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Dáse conta de que a proposta que se trae xa comprende unha alegación proposta polo PP e aceptada polo Concelleiro competente

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística e excusa a súa ausencia ó ten que cumprir con obrgias laboraias: Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento Municipal de Honores e Distincións, do día 20.04.2017, relativa á Aprobación definitiva Regulamento municipal de honores e distincións , que é como segue:

“Proposta do Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística: resolución de alegacións e aprobación definitiva do regulamento municipal de honores e distincións

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria realizada o día 2 de decembro de 2016, acordou aprobar inicialmente o Regulamento municipal de Honores e Distincións do Concello de Cangas.



Durante o prazo de exposición ao público no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia n.º 31, de data 14 de febreiro de 2017, do acordo do Pleno de aprobación inicial do Regulamento, foron presentadas as seguintes alegacións:

- Pío Millán Blanco en representación do grupo municipal do Partido Popular; en data 27 de marzo de 2017, Rex. Entrada núm. 2017-E-RE-16.

Visto o disposto no informe de secretaría de data 20 de abril de 2017 que indica que as alegacións responden a criterios de conveniencia ou oportunidade política, polo que a súa estimación ou desestimación se enmarca dentro da potestade autoorganizadora da entidade local.

Considerando que a proposta recollida nas alegacións presentadas polo grupo do PP é pertinente.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Estimar as seguintes alegacións:

a) Modificar o artigo 15, establecendo a esixencia dunha maioría de 2/3 da Corporación, que quedará coa seguinte redacción:

“ARTIGO 15º.- Unha vez recibida a iniciativa e tendo a conformidade de dous tercios da Corporación, incoarase expediente mediante acordo da Xunta de Goberno Local.”

b) Modificar o artigo 22, establecendo a esixencia para todas as distincións dunha maioría de 2/3 do número de feito da Corporación, que quedará coa seguinte redacción:

“ARTIGO 22º.- O Concello Pleno, á vista do expediente, adoptará acordo definitivo para todas as distincións que se inclúen neste Regulamento, por maioría das dúas terceiras partes do número de feito de membros que compoñan a corporación.

Por motivos de urxencia, a proposta de concesión da Chave da Vila poderá ser realizada pola Xunta de Goberno Local e darase conta na seguinte sesión de pleno ordinario.”

SEGUNDO: Aprobar definitivamente a Ordenanza Regulamento municipal de Honores e Distincións do Concello de Cangas, coa redacción derivada do presente acordo.

TERCEIRO: Ordear a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giraldez Santos; aceptáronse as alegacións do PP e lles gustaría contar co seu voto.

Sr. Iglesias Santos: di que é básico, pero reconece o esforzo que se fixo para dotar ao Concello dunha ferramenta que mellorará co paso do tempo. Que votaran favorablemente.

Sr. Millán Blanco: cando veu a aprobación inicial xa se dixo que faría aportacións que xa foron aceptadas. Votarán a favor.



Concello de Cangas

Sr. Gestido Porto: di que é necesario. Votarán favor. Di que continúan erros como ao falar de Gala da Cultura, en lugar de festa da cultura. Comenta que non se contou coa participación do resto da corporación pero que apoian a proposta.

Sr. Alcalde: le o ditame.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta trancrita anteriormente.

Expediente 181/2017. C-17/04. Expediente de contratación do servizo de mantemento de ascensores instalados en edificios municipais.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do día 20.04.2017, relativa ao Expediente de contratación do servizo de mantemento de ascensores instalados en edificios municipais que é como segue:

“Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria realizada o día 6.02.2017 polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato administrativo de servizo de mantemento de ascensores instalados en dependencias municipais.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación, e que por Secretaria e Intervención se emitiron os informes preceptivos sobre a lexislación e procedemento aplicables e sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Por todo o que antecede, ao Pleno do Concello propono a adopción do seguinte, ACORDO

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do Servizo de mantemento de ascensores instalados en edificios municipais, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo ás aplicacións orzamentarias que constan no documento de retención de crédito expedido polo interventor municipal o día 12.04.2017.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.”

DELIBERACIÓNS:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Sr. Gestido Porto: Como se trata dunha aprobación di que é a mellor solución economicamente e mais eficaz para os intereses do Concello. Como dixo na comisión di que fará algunha achega. Cree que se deberá ter en conta algun criterio de sguridade

Sra. Giráldez Santos: di que se trata da aprobación do expediente de contratación, non unha aprobación inicial

Sra. Hermelo Piñeiro: sorprende que o único criterio sexa o económico, que non se valore a solvencia ou a proximidade da empresa para dar un servizo mais rápido tampouco lle parece que deba ser esa a duración contra 4 mais 1 2 é excesivo, considera que debe ser 2 máis 1.

Incidencias:

Cando son as 20:56 horas abandona o Salón de Sesión o concelleiro Sr. Millán Blanco.

Sr. Iglesias Santos: Débese sacar unha formula para que isto non hipoteque á próxima corporación, que rematase o 31 de decembro do ano en que se incorpore a nova corporación municipal, É un documento que merece máis tempo de estudo para poder comparar, prazo de adjudicación, e que se lles facilitou con pouco tempo. Se debe ter en conta os prazos porque a ciencia avanza moito e pronto aparecen melloras nos servizos que farían mais doado facer fronte ao custo económico das cousas.

Sra. Giráldez Santos: di que existe un criterio económico que é o mesmo criterio que se seguiu co goberno anterior na licitación. é a valoración técnica a que considera este prazo Nas condicións técnicas si figuran esixencias técnicas a esixir. Si se considera que o tempo de 4 é excesivo. Que estarían dispostos a aceptar a modificar dos prazos.

Sr. Alcalde: Propón emendar a proposta in voce no seguintes termos:

“1º.- Aprobar a emenda presentada polo Sr. Alcalde

2º.- Modificar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o expediente de contratación do servizo de mantemento de ascensores instalados en edificios municipais, establecendo un prazo de duración do contrato de 2 anos máis 1 de prórroga, e realizar os trámites oportunos.”

Pio Millán Blanco: di que modificaría as partidas presupostarias.

Sra Giráldez Santos: A partida é anual.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º.- Aprobar a emenda presentada polo Sr. Alcalde

2º.- Modificar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o expediente de contratación do servizo de mantemento de ascensores instalados en edificios municipais, establecendo un prazo de duración do contrato de 2 anos máis 1 de prórroga, e realizar os trámites oportunos



Concello de Cangas

Incidencias:

Cando son as 21:00 horas abandona o Salón de Sesión do Sr. Alcalde, e queda exercendo a Presidencia a primeira tenente de Alcalde, Sr. Giráldez Santos.

Expediente 2287/2017. Moción Cangas Decides/ terreos cidade deportiva Celta de Vigo

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 2, En contra: 10,
Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal “Cangas Decide” do día 07.04.2017, relativa aos terreos cidade deportiva Celta de Vigo, que é como segue:

“José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de Cangas decide, presenta para o seu debate no Pleno a seguinte Proposta-Moción:

Despois de coñecer hoxe mesmo a intención de que o Clube Celta de Vigo de trasladarse de lugar, a uns terrenos fóra do Concello de Vigo, .

A repercusión socioeconómica que se produciría coa ubicación do maior clube deportivo de Galicia, no noso Concello.

Tendo en conta que na zona de Aldán en San Amaro, fronte ao Campo do Bahía, na zona da canteira de Rodal, ten un acceso directo desde Vigo.

É polo que presentamos para o seu debate en Pleno as seguintes Propostas de acordo:

- 1. Analizar a posibilidade de que o proxecto pretendido polo Clube poida ubicarse no Concello de Cangas*
- 2. Poñer a disposición do Celta de Vigo os terrenos necesarios para a construción do complexo deportivo.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: Dá lectura á moción.

Sr. Abalo Costa: pídelle que a retire porque esto nos levaría ao disparate

Sra. Giráldez Santos: di que esperaba que trouxera o contacto para falar co Sr. Mouriño

Sr. Iglesias Santos: apoiará a idea de designar ao Sr. Alcalde para que fale co Sr. Mouriño, que non se perde nada, se é algo que trae contrapartidas ao Concello. Chamemos a este home e montemos un tinglao

Sr. Soliño Costas: quere dicir deste asunto do estadio, analizada a proposta e conomicamente,

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

política a consideran pouco ambiciosa é que mellor e o F.C Barcelona ou Madrid. Nun plano mais internacional podemos ofrecerllo ao Manchester.

Hai que ter en conta o Brexit. A moción non ten sentido mais que como titular, que é unha ocorrencia dunha noite de marcha, que sería pedir pera ao olmo, xa que o goberno non é capaz de xestionar nada, a non ser que fora xa xestionado polo PP.

Sra. Giráldez Santos: di que ríe mellor que chora é mellor loitar por un clube cangués que non un Barcelona, Madrid.

Sr. Chillón Iglesias: que conste en acta o sentimento celeste da corporación

Sr. Abalo Costa: pídelle ao Sr. Gestido Porto que non se entrase nun debate, por respecto á súa persoa porque o Sr. Feijoo dixo que ía para Mos. Para que nos vamos a meter nunha liada

Incidencias:

Cando son as 21:05 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 2 (1 dos/as concelleiros/as presentes do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

Votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2313/2017. Moción PSOE 13.04.2017 s/ funcionamento e sostemento económico dos conservatorios municipais de música.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, do día 12.04.2017, relativa ao funcionamento e sostemento económico dos conservatorios municipais de música, que é como segue:

“Moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Cangas referente ao “funcionamento e sostemento económico dos conservatorios municipais de música”.

Alfredo Iglesias Santos, concelleiro-portavoz do Partido Socialista de Galicia – PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación,

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



esta MOCIÓN, en base á seguinte:

Exposición de motivos.

Existen 20 concellos na Comunidade Autónoma e 7 na provincia de Pontevedra (A Estrada, Tui, Lalín, Redondela, Vilagarcía, Pontearreas e Cangas) que outorgan título de grado medio en estudos musicais nos seus conservatorios, cando a ensinanza musical regrada é unha competencia impropia das administracións locais o que lles supón un importante déficit económico.

Este déficit vese agravado cando ven sendo moi habitual atender a alumnado doutros concellos que, polo tanto, non aportan cargas tributarias paralelas para a financiación municipal

Nestes centros existe ademais un claro agravio comparativo entre o que pagan as familias pertencentes a conservatorios dependentes da Consellaría de Cultura e o alumnado dos conservatorios municipais

É preciso buscar alternativas de financiamento que deben establecerse en función da competencias propias de cada administración, e tendo en conta a valoración do custo de cada alumno, que deberá reflectirse nun PLAN DE ESTUDOS MUSICAIS 2018/2021, que clarexe as competencias das Administracións respecto do seu Financiamento.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma do seguinte acordo:

- Esixir á Xunta de Galicia, como Administración con competencias no eido educativo, que asuma, polo menos, o 50% do custo destes centros educativos.*
- Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a que asuma, xunto co Concello de Cangas e as matrículas dos alumnos o 50% restante do custo do Conservatorio.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: dá lectura á moción. O principal é que a Xunta cumpra coa súa obriga de facer fronte e asumir o 100% dos custo destes centros educativos

Sr. Chillón Iglesias: esta moción é un tema xa tratado no mes de setembro de 2016 e un tema recorrente nos últimos 5 anos.

Incidencias:

Cando son as 21:07 horas abandona o Salón de Sesións a concelleira Sra. Cordeiro Magdaleno.

O custo do conservatorio é moi elevado e todas as corporacións dende o 90 fomos intentando implicar distintas administracións. Como responsabilidade do goberno houbo unha proposta o ano pasado, e como se contou na comisión informativa Realizouse unha reunión dos 20 concellos de Galicia por Galicia. Trátase de que asuman financiación ao 100 % por parte da Xunta, ou unha alta porcentaxe, que o custo da matrícula sexa igual en todos os concellos, que implica unha única taxa, etc. Trátase de buscar unha ensinanza regrada. É unha inxustiza que un pague 245 ou nós catrocentos e pico.



En quince días terase unha reunión da Fegamp, Xunta e algunhas diputacións. O quince de maio haberá unha xuntanza na Deputación de Pontevedra.

No 2016 houbo unha eliminación das subvencións da Deputación de Pontevedra e un cero no orzamento xeral da Xunta. Este ano 2017 no orzamento da Xunta hai 300.000 € (que é ridículo). Trátase de corrixir esta situación e con todas as reservas se daran pasos nese contexto.

Di que o punto de instar á xunta e sen definir porcentaxe, e todo o que sexa consensuado vía Fegamp será mais viable

Sr. Millán Blanco: tema xa tratado donde o PP trouxo unha moción a debate plenario donde se solicita unha maior implicación. O BNG presentou unha emenda donde establecía tres puntos bastante (aos que dá lectura), iso aprobouse por unanimidade.

Agora volve a tocar todos os puntos a moción do Sr. Iglesias, que a xunta se faga cargo do conservatorio, que mentres tanto a Deputación se implica, e o reparto entre os tres concellos xa que Cangas esta a asumir os custos dos 3. Queda indefinido o tema do 50% /50%. Antes se esixía o 100% e incluído na rede de conservatorios de Galicia e considera fundamental abrir o debate na mancomunidade do Morrazo

Pide incluír un punto na moción

Sr. Alcalde: di se sería eliminar as porcentaxes e incluír o 3º punto, de debatir este tema na mancomunidade de concellos do Morrazo

Sr. Gestido Porto: apoiará a moción. Di que se deben coñecer os datos que saian da reunión anunciada polo Sr. Chillón Iglesias., xa que esta loita é reiterada. Xa no 2012 a Deputación daba uns datos equivocados. Dende o 15 de decembro se ia constituir unha mesa negociadora, independentemente do apoio da moción, unha vez coñecidos os datos se lle fagan chegar. Parte da base que o conservatorio e unha necesidade cultural, pero 500 000 e moito para o Concello de Cangas.

Sr. Iglesias Santos: di que é a Xunta quen ten competencia da ensinanza musical, polo que debería asumir, tendría que asumir o cen por cen, pero sendo realista atopámonos que a Xunta neste enfrentamento di que non pon un duro. Sendo realizado todo o servizo por Cangas e, por iso se propoñen pasos previos antes de conseguir o cen por cen.

En canto ao da mancomunidade, di que non ten competencia para obrigar aos concellos que a conforman, esta decisión, pode ser unha suxerencia. Moaña e Bueu están encantados porque o paga Cangas, pero sabemos que cartos non dan. Non se están facendo amortizacións fiscais dos edificios municipais. é a Xunta quen se ten que comprometer. Non lle parece mal ampliar a redacción do acordo, á espera do que pase na reunión ca FEGAMP

Sr. Hermelo Álvarez: na comisión informativa se dixo que ía unha modificación. Como quedaría ?

Sr. Alcalde: propón facer un inciso e se reúnan os portavoces e propoñan unha modificación.

Sr. Chillón Iglesias: Para chegar a un punto de consenso sinala que hai tres obxectivos claros.

1.- Titularidade pública. Rede Xunta.



2.- Financiamento 100%. Cofinanciamento.

3.- Igualdade na taxa.

Temos o curriculum un servizo de inspección, pero carece de programa para todos os conervatorios. Que exista un acceso á formación do profesorado

4.- Non á política de subvencións. Di de instar á Xunta, e o da mancomunidade porque ten unha dimensión comarcal, que pasa noutros concellos onde este servizo é moi agradecido

Incidencias:

Cando son as 21:25 horas faise un inciso na sesión.

Cando son as 21:28 horas retómase a sesión.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA MODIFICADA: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta modificada que literalmente di:

“- Esixir á Xunta de Galicia, como Administración con competencias neste eido educativo, que asuma o custo destes centros educativos e que sexan incluídos na rede galega de conservatorios

-Provisionalmente, Instar á Deputación Provincial de Pontevedra a que asuma, xunto co Concello de Cangas as matrículas dos alumnos e o resto do custo do Conservatorio.”(do funcionamento)

Expediente 2314/2017. Moción PSOE 13.04.2017 s/ desenvolvemento e aprobación dun regulamento para o concurso unificado das prazas de policía locais

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal do PS de G-PSOE, do día 12.04.2017, relativa ao desenvolvemento e aprobación dun regulamento para o concurso unificado das prazas de policía locais, que é como segue:

“Moción que presenta o Grupo Socialista do Concello de Cangas referente ao “Desenvolvemento e aprobación dun regulamento para o concurso unificado das prazas de policía locais, por parte da academia de seguridade pública (AGSP), segundo o protocolo asinado entre a FEGAMP e Vicepresidencia da Xunta”.

Alfredo Iglesias Santos, Concelleiro-Portavoz do Partido Socialista de Galicia – PSOE no Concello de Cangas (Pontevedra), ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 y 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación, esta MOCIÓN, en base á seguinte:

Exposición de motivos.

Non é ningún secreto que e o número de Policía Locais en activo no Concello de Cangas é insuficiente para facer fronte ás necesidades que se xeneran en todo o Término Municipal.



As últimas xubilacións e o pase á “segunda actividade” producidas nos últimos anos vai mermando o número de axentes dispoñibles para prestar os servizos que un Concello de máis de 20.000 habitantes esixe. Ademais, xa está próxima a tempada de verán e a afluencia de turistas e visitantes incrementa notablemente a prestación de atencións por parte da Policía Local.

Segundo os estándares, Cangas debería ter ó redor de cincuenta axentes, que ben formados, organizados e dirixidos, boa falta fan para atender os problemas de tráfico, de seguridade, etc. En todo o Término Municipal. Mesmamente se partimos da base de que os mesmos dereitos ten un veciño de Donón, da Portela, de Rozabales, da Pedreira, da Magdalena ou de Balea, por poñer só uns exemplos.

Porque Cangas é máis que o centro urbán da Vila e as Parroquias merecen atención.

Ainda tendo en conta as trabas legais para poder facer novas contratacións, é preciso que se cre un novo proceso de contratación de policía interinos e que este sexa unificado.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao pleno da corporación a toma do seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia para que, por medio das consellerías competentes (nomeadamente a Consellería de Presidencia, administracións públicas e xustiza) en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, a FEGAMP e os Concellos interesados, promova a creación dunha Bolsa de Emprego que permita que aquelas persoas que se presenten e superen as probas selectivas poidan quedar incluídas na mesma para a cobertura de prazas interinas.

- Instar á Xunta de Galicia para que habilite fondos económicos para colaborar cos Concellos para facer fronte aos salarios e demais gastos da contratación deses Policía Locais Interinos.

- Dirixirse á Deputación Provincial de Pontevedra, por se tivese prevista ou puidese habilitar algunha partida presupostaria para axudar aos concellos da Provincia na contratación tanto de Policía Locais interinos como de Policía Auxiliares para a tempada de verán.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: dá lectura á da moción. Di que en Cangas hai uns 13, 14 policías en activos, cando serían necesarios, en función da súa poboación uns 50. Destaca que chegado o verán se veñen facendo probas de auxiliares, con distintas competencias, inferiores ás do policía, e con distintas competencias xurídicas. Por iso se plantexa, que todos os que superaron as probas de acceso de policía local formen parte dunha bolsa da cal poderían botar man os concellos polas circunstancias que sexan. Isto é o que se pide a Xunta. Este persoal debería depender dos concellos e deste xeito a xunta podería botar unha man aos concellos mais necesitados. Se a Deputación ten algunha partida que se poida adicar á contratación destes policía deste xeito sería mais doado poder acceder a un número axeitado de policía para facer fronte aos servizos que se demanda.

S. Millán Blanco: a proposta presentada no punto 2º non é correcta, a xunta leva anos aportando unha cantidade a contratación de policía de verán. (subvención da Consellería de Presidencia)



Respecto ao 3º punto será conveniente abrir un debate (á hora de falar do plan de concellos) falar sobre os concellos turísticos, que se podería habilitar o Plan de Concellos. Respecto ao 1º, 1ª, teñen dúbidas legais. Ten capacidade a Xunta para seleccionar interinos destinados a concellos?

Elixidos, ese persoal, a través do procedemento poden ser obrigados por unha administración a trasladarse a outra administración?

Facer un proceso selectivo para toda Galicia non se ve claridade legal, esto chocaría na lei de bases de réxime local. Estas dúbidas implican abstencións.

Sr. Hermelo Álvarez: Serei breve, tanto no punto 2º e 3º están de acordo, incluso en canto ao primeiro punto podería estar de acordo pero entran dúbidas legais. Piden retirar o punto 1º e aprobar o 2º ou 3º e traer ao seguinte pleno un mais elaborado na moción. Comparte necesidade de ampliar plantilla.

Sr. Iglesias Santos: no implica contradición legal en canto bolsa de traballo nesta concepción, non é que a xunta teña persoal contratado, é unha lista de xente con coñecementos determinados, con homologación da academia galega de seguridade pública. No momento en que algún concello necesita personal non ten que facer unha selección tan complexa de auxiliar, senón tirar da bolsa para prestar servizos de policía local, que están nesa lista á espera. Di que non se vai chamar un de Cervo ou da Fonsagrada. Di que o que se pide é persoas homologadas para prestar servizos de policía local. Quen o pode obrigar, en principio parece que ningún, que ao mellor vén o de Cervo ou porque ten unha novia en Donón.

Sr. Alcalde: dille que no corpo de mestre ese personal son contratados, os interinos están contratados pola Administración. Di que mantén as mesmas dúbidas legais porque preguntaron por ese tema. Ao mellor hai que presentar unha moción que inste unha modificación do texto legal. Isto ten vantaxes, porque se sacan unhas prazas e despois se perde moito tempo en mandalos á academia.

Dille ao Sr. Millán Blanco que o concello esta na vangarda de pedir á Deputación que se inclúa unha partida para concellos turísticos no plan de concellos ou ben que exista un convenio específico para eses concellos.

Sr. Gestido Porto: di que por desbloquear estamos de acordo con aumentar a plantilla para o verán. Di que incluso se pode aprobar o punto 2º e 3º e o 1º aprobalo e que sexa o departamento xurídico o que o valore se se pode instar ou non.

Sra Giráldez Santos: se se fixera unha bolsa tamen existiría dicriminación dos que non poidan realizar esas probas, Ten que existir un proceso selectivo no concello. Hai que estudialo a fondo, é un tema gordo, e quizais hai que modificar a lei e unificar os corpos de policía

Sr. Iglesias Santos: en que sitio aparece a palabra funcionario; 2º esta abreviado sobre que se podería dicriminar cando nas bases municipais di que se ten traballado para a administración ten mais puntos. Se vota un número de persoas que nun momento determinado pasaron unha homologación, non quita que non se poida incorporar persoas novas. Non se dá vantaxe a ningún senón que soamente existe un listado a quen chamar (por exemplo, pensemos se hai que facer unha selección para cubrir unha baixa na galiña azul, isto é o mesmo)

Sr. Alcalde Pregunta se acepta a retirada do punto primeiro.



Concello de Cangas

Sr. Iglesias Santos: Non ten problema en retirar, e que o acordo sexa que o concello faga unha pregunta vinculante á Consellería de Vicepresidencia e que digan se isto é posible ou non.

Sr. Alcalde: Compromiso do goberno de pedir informe xurídico sobre esta moción local e tamén á Xunta, ou unha modificación da lei, e retira a moción e se traerá o informe o vindeiro pleno. Pedir información xurídica sobre se a lei o permite o non.

Retírase a moción.

Expediente 2316/2017. Moción PP 14.04.2017 s/ acondicionamento como aparcamento da finca limítrofe co Adro do Igrexario do Hío

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 10,
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.04.2017, relativa ao acondicionamento como aparcamento da finca limítrofe co Adro do Igrexario do Hío, que é como segue:

“Pío Millán Blanco, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular de Cangas, presenta a seguinte Moción para o seu debate en pleno:

Exposicion de Motivos

Nos orzamentos do ano 2015 este Concello destinou aos veciños do Igrexario, unha partida para acondicionar unha zona de aparcamento no contorno do adro da Igrexa parroquial do Hío.

Despois de realizarse unha ampliación de baixada para dita parcela, se tivo que paralizar a actuación por problemas coa titularidade do terreo. Polo que os veciños do Igrexario renunciaron a continuar coa obra ao non poder xustificar todo o gasto na mesma, xustificando unha pequena cantidade pola parte da obra si realizada, que foi a ampliación da baixada á finca.

O Concello de Cangas rescata unha cantidade aproximadamente de 48.000,00 euros desa partida para outras actuacións, co compromiso que no momento que se solucionasen os problemas coa titularidade dos terreos, os veciños do Igrexario recuperarían esa cantidade económica para continuar coas obras.

No mes de setembro de 2016 o Concello de Cangas asina un convenio co Arcebispado de Santiago, polo cal se solventan os problemas de titularidade do terreo en cuestión.

Proposta de Acordo:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Instar ao goberno do Concello de Cangas a que rescate a través dos orzamentos do 2017, a partida necesaria para executar durante o ano 2017, as obras de acondicionamento da finca limítrofe co Adro do Igrexario do Hío.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Millán Blanco: Asinouse no 2015 cos vecinos, e en decembro de 2015 renuncia a gran parte da obra por problemas de titularidade do terreo, non se pudo traballar sobre o terreo en si. Despois continuárase coa negociación en setembro do 2016 asinouse un convenio aluguer a 25 anos e por tanto, soluciónouse o problema. Cando os vecinos denunciaron a situación o concello destinou os cartos a outros investimentos e se adoptou o compromiso do goberno de executar a obra e por tanto, pide instar ao goberno do Concello de Cangas a que rescate a través dos orzamentos do 2017, a partida necesaria para executar durante o ano 2017, as obras de acondicionamento da finca limítrofe co Adro do Igrexario do Hío.

A realidade é que xa se sabe a resposta en base aos orzamentos. Non quixeron incluír a partida e argumentaron que se cumpre un compromiso e cando se fai. O Sr. Millán Blanco di que o primeiro paso para facer calquera actuación é ter partida presupostaria e hoxe renunciou abrir unha partida para facer esta obra, a iniciación o cumprimento do compromiso. É unha necesidade moi importante para a parroquia.

Sr. Alcalde: hai parte de argumentación coa que está de acordo, é a parte que se axusta á realidade: é unha zona na que hai que solucionar o tema do aparcamento, non só pola cantidade de turistas que visitan a zona e pola veciñanza. É unha zona colapsada. Hai que dicir que se meteu no orzamento unha partida e non tiñan o terreo, se queren meto unha para facer non sei o que no bar alondras. Foi este goberno quen moveu o tema e foi a asociación de vecinos quen levou as conversas coa Igrexia. Dille ao Sr. Millán Blanco que o seu goberno non se estudou os terreos antes de asinar o convenio duns terreos que non eran da súa titularidade.

É incongruente pedir que se meta nunha partida cando se acaban de aprobar. Agora que diga que ten que estar nos presupostos para executar a obra ignora que xa dirixiron á Deputación para asinar un convenio que permita acometer esta obra polo interese social e turístico. Esta Alcaldía comprométese cos veciños do Igrexario a facer a obra. A obra pódese incluír en partidas e non facela, cantos compromisos do seu goberno quedaron sen cumprir? Pódese executar con medios propios, incorporar en partidas máis xenéricas, pedir axudas de outras administración como está facendo. Di que quizá por un lapsus pide que os vecinos recuperen esa cantidade económica, porque é unha cesión ao Concello, ten que ser o Concello quen leve a batuta da obra. Non se pode aprobar a moción porque se acaban de aprobar os orzamentos pero reitera o seu compromiso. Os 48.000 € gastáronse en obras nas escolas. Se o concello non tivese interese en facer o aparcamento non se asinaría o contrato coa Igrexa.

Sr. Iglesias Santos: Como xa dixemos noutra ocasión, cando se trataron os arreglos no adro de Coiro, unha vez determinada a titularidade do terreo, partimos da base que teñen os mesmos dereitos todos os veciños, (Donón, Nerga. A Portela) pide que se diga que neste momento o concello acepta o compromiso, na maior brevidade posible acometer a obra. O di por aceptar a moción e non rexeitar esta moción que quedaría feísimo.

Sr. Alcalde: di que non poden votar a favor xa que a moción pon que se inclúa cos orzamentos xa aprobados. É incumprible. Na acta consta o compromiso de executar a obra.



Sr. Gestido Porto: di que o Sr. Iglesias Santos ten razón. Todos estamos de acordo coa execución da obra, que o PP debe cambiar o punto da proposta e que e inste ao equipo de goberno a realizar a obra.

Sr. Millán Blanco: antes de responder pide puntualizar algunhas cousas: di que a forma máis fácil antes de empezar o pleno (incorporar ao orzamento) de executar o aparcamento xa non se pode realizar. As demais pódense facer, pode citar, en base a realidade da Deputación dixo que habería convenios para este tipo de obras, que actuarían en terreos provinciais e que non Plan Concellos 2017 non está incluído e xa están pechadas as solicitudes.

Están interesados en que se realice a obra, non é unha obra faraónica, en 3/4 meses estarían executadas as obras. Están dispostos a retirar o texto, xa que é irrealizable, pero pide un texto concreto donde o compromiso sexa realizable. Que neste ano estean iniciadas.

Sr. Alcalde: dílle que é o máis fácil, xa que o reto, era arreglar a titularidade cando estaban eles.

Di que se vota esta moción e consta en acta o compromiso do goberno de executar as obras.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 2 (1 do/a concelleiro/a presente do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2312/2017. Moción PP 15.04.2017 s/ deficiencias no pavillón de Romarigo

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 9, En contra: 10,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 15.04.2017, relativa a deficiencias no pavillón de Romarigo, que é como segue:

“D. Francisco Soliño Soliño como concelleiro do grupo municipal do Partido Popular ten a ben levar a seguinte proposta para ser debatida no Pleno Municipal.

Exposición de Motivos

O Concello de Cangas conta con numerosas instalacións deportivas que serven para acoller as actividades dos diferentes clubs da nosa vila así como de asociacións ou grupos de veciños e



veciñas que practican algunha actividade deportiva. Isto esixe que dende o departamento de Deportes se teñan que adicar fondos cada ano na posta a punto, acondicionamiento, mantemento e mellora das mesmas, ben para corrixir o seu deterioro polo uso ou ben pola necesidade de melloralas co obxecto de prestar novos servizos ou para cubrir novas necesidades achegadas polos propios usuarios.

Unha das instalacións deportivas de referencia do noso concello é o Pavillón Municipal de Romarigo. Este espazo acolle as actividades dos clubs de tenis de mesa, patinaxe, fútbol sala e nos últimos tempos tamén parte da actividade do Alondras C.F., polo que cada semana é numerosa a cantidade de persoas que pasan e practican alí algunha actividade deportivas. Os propios usuarios achegaron a este grupo municipal as queixas pola falta de mantemento deste espazo que presenta un estado de deterioro moi acusado nos últimos tempos, algo que tampouco pasa inadvertido para a xente de fóra de Cangas e que nos visita para participar nalgún dos eventos que acolle, ni tampouco para os árbitros e técnicos, dando unha imaxe lamentable e distorsionada do deporte cangués.

Proposta de Acordo

1. Instar ao departamento municipal de Deportes á realización de actuacións urxentes para corrixir as deficiencias que presenta na actualidade o Pavillón Municipal de Romarigo.

2. Instar ao departamento municipal de Deportes que elabore un informe sobre as deficiencias e o estado xeral das instalacións deportivas municipais para posteriormente elaborar un plan anual de actuacións sobre as mesmas con cargo ao Orzamento Municipal así como con fondos da Deputación de Pontevedra.“

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: dá lectura á moción.

Sr. Chillón Iglesias: Esta concellería, como o goberno cando asume o goberno ten a responsabilidade de xestionar e nesas estamos. Realizaron informes sobre o pabillón que requiren certas actuacións Os últimos proxectos sobre o pavillón son do 2009, cando non gobernaba o PP, esto para que conste en acta.

A concellería esta a realizar un informe para avaliar a situación e marca un plan de actuación. Neste segundo semestre pasarase unha enquisa sobre a satisfacción sobre as instalacións.

Estamos facendo os deberes, somos conscientes das necesidade e visto o tono do escrito está feito por outra persoa. As instalacións tamén son competencia da Xunta de Galicia como a Deputación Provincial

O Sr. Alcalde : A secretaia Xeral dixo que non había cartos para Cangas.

Sr. Gestido Porto: di que en abril de 2016 presentou unha moción similar a esta, polo que se



alegra que se dera conta desta necesidade un ano despois porque se abstivo no seu día.

No pleno do ano pasado se pode facer un corta pega da intervención do Sr. Chillón. Levamos xa dous anos, estamos falando do pavillón de Romarigo que é unha instalación totalmente abandonada. Apoirán a moción.

O Alondras está utilizando o pavillón e se deteriora paulatinamente e se reitera a necesidade de facer unha intervención no inmovible

Sr. Iglesias Santos: Uns por outros a casa sen barrer. O PSOE tamén é oposición, e tamén hai que asumir que se pide a unión para pedir inversión. Se non se fai porque non hai cartos ou porque existen outras preferencias, xa serán os veciños os que decidan é entendible que se pida isto.

Sr. Alcalde: Di que quen decide é Cangas.

Sr. Abalo Costa: agradece o tono do Sr. Iglesias Santos, pero di que un grupo que gobernou e non fixo nada en materia deportiva nin noutra, que o presente en xeito humilde e non veñan de xeito provocador a plantexar solución que nunca diron.

Sr. Soliño Costas: non entende a que ben a intervención do Sr. Abalo Costa, é a primeira persoa que fala mal dun campo de herba sintética.

Dille ao Sr. Chillón Iglesias que non lle importa quen lle fixo o papel, según vostede, eu non lle pregunto se llo fan ou non. Pregúntalle que fixo no pavillon de Romarigo en dous nos, Dálle a razón ao Sr. Gestido Porto, en que se falou disto fai un ano. Hai outras prioridades. Ve como está agora o Keniata. De que vale ter unha obra perdidíña, se alguén fixo algo sobre as obras deportivas foi o goberno PP.

Leva dous anos falando e non fixeron nada, o PP, quitou as humidades do edificio lindante, Pintou o pavillón, abríuse unha porta de grada e pista, pintouse a pista, a madeira do hall, fotografías dos deportistas cangueses.

No pabillón habia unha sábana tapando os buratos. Lembralle ao Sr. Chillón Iglesias que hai cousas que se poden facer dia a dia.

Pide que meta man xa na limpeza do pavillón, un gran problema é a hixiene.

Sr. Chillón Iglesias: é unha cuestión de matemáticas; O 13 de xuño hai 2 anos que este goberno asume responsabilidades, porque o de dous anos o levo escoitado. Este fin de semana temos cinco actividades, o martes ven un técnico da deputación para ver o estado da herba



sinténtica dos campos, hai nas pista de atletismo unha actuación urxente e así poderíamos falar de todo un pouco. O caos, abandono, non é certo, é necesario mellorar as intalacións.

O pavillon require unha actuación pero unha situación conlevou un retraso, que as obras co Alondras implicou un retraso.

Sr. Abalo Costa: di que non lle gustaria que a xente pensé que é enemigo do deporte. Di que lle pode explicar porque o Pavillón de Romarigo é municipal, por outra banda di que non é detractor da herba sintética, denuncia o interese económico que hai detrás. Recorda con que tipo de herba se xoga en primeira división. Di que é importante sair deste clima de conspiracións é demonización mediática. Non se levan dous anos e parece que todos males son culpa deste goberno

Sr. Soliño Costas: a crispación do principio seguramente é porque se está decindo a herencia recibida, esa sensación de catastrofismo é do Sr. Chillón Iglesias, a través diso se fomenta. Soamente di que hixiene para o pavillon de Romarigo

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2317/2017. Moción Cangas Decide 15.04.2017 s/ acceso peonil no aparcamento de Altamira

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 10,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Cangas Decide, do día 14.04.2016, relativa ao acceso peonil no aparcamento de Altamira que é como segue:

“José Luis Gestido Porto, portavoz do Grupo Municipal de Cangas Decide, presentan para o seu debate no Pleno a seguinte Proposta-Moción:

Fai algúns meses arranxouse na zona de Altamira, un espazo para convertilo nun aparcamento municipal. Considerando o elevado numero de vehiculos que ali estacionan, o cal esta a provocar que a circulación de persoas sexa un perigo constante.



Asi mesmo está sendo utilizado por numerosos veciños para atallar entre as dúas zonas.

E polo que presentamos para o seu debate no Pleno as seguintes Propostas de Acordo:

- 1. Adaptar o vial á circulación de vehículos e peóns, construíndo un carril peonil polo seu percorrido.*
- 2. Sinalizar, advertindo a presenza de peóns.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: Aínda que non lle gusta felicita á Sra. Giráldez Santos, por intentar solucionar que era un perigo para peóns e vecinos da zona: non ten problema en retirar a moción, pero pedín na comisión un borrador do proxecto dos planos e por resistro para saber o que se está a facer e non ten nada.

O sentido da moción é que se fixese algo no aparcamento, ao primeiro entendeu que se faría unha actuación sixneta, pero utilizar postes reciclados, pintados en amarelos, ao mellor eso era mais perigoso que o existente.

Sr. Alcalde: Se se invirte en seguridade dos peóns non é un perigo.

Sra. Giráldez Santos: di que non existe proxecto, e ten que sabelo non lle chegou o pedimento por Xestiona. Non necesita a felicitación. O tema tratouse no pleno hai tempo, e se tratou de ver o aparcamento e en función da evolución, nos comprometemos se era necesario a instalación do paso peonil, non porque vostede presente unha moción. O que se fai é un investimento mínimo porque é algo temporal toda vez que non é un aparcamento enteiramente municipal. Utilizar poste que se ian tirar ésta ben reutilzalos, xa que soamente nos costa o transporte. Falta colocar sinais, terminar de pintar. Esta transitando moita xente pero estaba previsto como aparcadoiro.

Sr. Soliño Costas: esas empresas privada pagadas para catro arranxos na UA 5, é un vertedoiro incontrolado dunha empresa, sen contratos, sen proxectos. Pide o arranxo do muro que caeu encima do coches.

Sr. Abalo Costa: di que é ridícula a vosa posición, que é dramático porque o PP iniciou a actuación a outra escala.

Sr. Soliño Costas Quen fai a obra pegado ao cemiterio e que tiñan pedir os permisos oportunos sodes vos.

Sr. Iglesias Santos. Votará que si e pide non rebozarse en cousas que non nos levan a ninguna parte

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN,)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.



Expediente 2437/2017. Moción do grupo PP 18.04.2017 s/ a inclusión de Cangas nunha das variantes do Camiño Portugués

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 9, En contra: 10,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 24.04.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 18.04.2016, relativa á inclusión de Cangas nunha das variantes do Camiño Portugués que é como segue:

“José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte Moción:

Cando as noticias do achado do sepulcro do apóstolo Santiago se difundiu por Europa, miles de peregrinos de Portugal iniciaron a súa peregrinación aproveitando as rutas do momento , moitas delas eran legado dos romanos, o que explica que o Camiño de Santiago pola costa teña múltiples variantes , e a pesar das evidencias históricas que o sustentan e da popularidade que tivo ata o século XVI, foise perdendo a favor doutras rutas como o Camino Portugués clásico.

Na actualidade esta vía tamén coñecida como Camiño Monacal (Chamado así polos múltiples mosteiros polos que pasa nos preto de 300 Kms. de percorrido) ven de ser recoñecido como oficial.

A beleza das paisaxes marítimas polos que transita, a tranquilidade dunha ruta pouco coñecida na actualidade e a implicación das distintas Administracións para pola en valor, fan que os peregrinos aumentaran no último ano de forma exponencial.

Cangas ten importantes datos que avalan a posibilidade de que fora lugar de tránsito dunha desas variantes, mais en concreto a variante marítima desde Baiona .

Datos como a advocación da nosa Ex Colexiata a Santiago Apóstolo patrón do noso pobo , a Capela do Hospital, ou a constancia escrita dun listado de veciños que debían contribuír ao fisco xa antes de 1543 para o mantemento do Hospital de peregrinos, debe facer posible que o noso pobo sexa incluído nunha desas variantes do Camiño Portugués pola costa.

Por todo iso, efectuamos a seguinte Proposta de Acordo :

• O Pleno do Concello de Cangas insta a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia a que tendo en conta os datos históricos antes citados, inclúa a Cangas dentro dunha variante marítima do Camiño Portugués pola costa.”

DELIBERACIÓNS:



Sr. Sotelo Villar: di que co risco de que os tilden de catastrofista, presentan esta moción neste momento xa que hai pouco que se ven de recoñer o camino postugués pola costa. (Noia , por exemplo ten menos datos para o seu recoñecemento.

Hai uns tres meses que se oficializou o camino Monacal.

Sr. Iglesias Santos: se isto axuda a dinamizar a comarca do Morrazo, adiante.

Sra Giráldez Santos: o grupo de goberno votará en contra, porque a dinamización turística para Galicia da Xunta ten que ser outra Tamén existen moitas dúbidas de que exista. Di que lle sorprende que asine o Sr. Sotelo Villar esta moción cando na Deputación de Pontevedra esta mañán valoraba máis o progreso urbanístico que o turismo

Sr. Sotelo Villar: rebate a mentira que di a Sra. Giráldez Santos, di que defendeu como o defendeu aquí, o tema do desdoblamento. Considera que o progreso non debe estar pelexado co respecto ao patrimonio.

Isto é unha promoción gratuíta os peregrinos non teñen peaxe, aínda que algún poñería unha peaxe no Padornelo.

Hai outros concellos que teñen menos datos e o teñen. Se se trata dunha publicidade gratuíta á que se renuncia.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN,)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP, S/ INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL E Á DEPUTACIÓN A QUE REMATEN AS OBRAS DO CAMPO DO MORRAZO

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Sr. Sotelo Villar: xustifica a urxencia polas declaración do Sr. Alcalde nos medios nas que di que existen directivos que politizan o clube. O Considera un insulto hacia os deportistas e hacia o PP, xa que a pesar das desfeitas o PP estivo calado. As instalacións recepciónáronse en



Concello de Cangas

xaneiro, tres meses despois están sen utilizar e hai obras sen rematar.“

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, cos votos a favor: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, os votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN, e as Abstencións: 2 (1 concelleiro do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE), acorda rexeitar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP, S/ INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL E Á DEPUTACIÓN A QUE LEVEN A CABO A OBRA "PAVIMENTACIÓN E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA EP.1005"

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Sr. Sotelo Villar: xustifica a urxencia porque se dixo que existía un anteproxecto, existe un levantamento topográfico contratado pola Deputación e o BNG contratou unha empresa para presentar un anteproxecto despois de 2 anos e un custo de 1.200.000.

O Sr. Alcalde: pide que se xustifique a urxencia

Sr. Sotelo Villar: di que ven dada polas declaracións do responsable

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, cos votos a favor: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, os votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN, e as Abstencións: 2 (1 concelleiro do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE), acorda rexeitar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das Resolución da Alcaldía ditadas desde o 28 de marzo ao 24 de abril de 2017

O Concello Pleno queda informado das resolucións da Alcaldía, ditadas desde o 28 de marzo ao 24 de abril de 2017

Incidentes:

Cando son as 22:49 horas fáise un receso para dar lectura un manifesto en apoio ao Sector Naval do Morrazo, que textualmente di:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

MANIFESTO DE APOIO INSTITUCIONAL AO SECTOR NAVAL DO MORRAZO

Dáse lectura ao Manifesto de apoio ao sector naval de Cangas, que di:

“Diante da problemática da falta de pagamento a empresarios do sector naval do Morrazo e solicitado o respaldo pola Plataforma de empresarios auxiliares do sector naval afectados pola devandita falta de pagamento dos grandes estaleiros, esta Corporación Municipal quere mostrar o seu apoio concretado nos seguintes puntos:

1º.- Na medida das posibilidades do Concello, prestar apoio económico para que se poidan levar a cabo as pertinentes accións legais que permitan reclamar as cantidades adebedadas pola falta de pagamento dos grandes estaleiros, tendo en conta que senón conseguen superar esta situación os danos causados pola destrución de emprego terán, e xa teñen, un alto impacto socio-económico na nosa comarca.

2º.- Apoiar e xestionar diante doutras institucións todas as accións que contribúan a acadar o obxectivo de conseguir cobrar as débedas xeradas. Prestarase especial atención ás xestións diante da Deputación e diante da Xunta de Galicia.”

Cando son as 22:50 reanúdase a sesión

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Iglesias Santos: isto é imposible.

Sr. Sotelo Villar: pregúntalle ao Sr. Alcalde se contestará ás preguntas presentadas.

Roga que se habilite o acceso ao rexistro de entrada.

Se accede a un relatorio de excell, pide que se acceda ao tema das resolucións.

Sr. Alcalde: hai vontade en que se poida acceder á documentación que antes se podía acceder.

Sra. Hermelo Piñeiro: Respecto dos horarios da biblioteca central pide que este máis tempo aberta, sobre todo en época de exámes.

Sr. Alcalde: Di que trasladará o rogo ao Concelleiro de Cultura.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850